

ADOS E SOCIEDAD TEXTIL LONIA S.A. CONVIDAN AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS A DOAR SANGUE

A empresa ourensá Sociedad Textil Lonia S.A. promove o mércores 6 de maio unha campaña destinada a fomentar o solidario xesto da doazón de sangue entre os seus traballadores e traballadoras. Con este obxectivo a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) desprazará unha unidade móbil que estará estacionada dentro do recinto da empresa das 08:00 ás 16:00 horas para atender a todas as persoas que desexen participar.

A Axencia quere amosar o seu agradecemento á dirección de Sociedad Textil Lonia S.A. polas facilidades ofrecidas para a realización de iniciativas destinadas a promover a doazón de sangue. Deste xeito, salienta que as unidades móbiles da ADOS teñen visitado as instalacións desta empresa ourensá desde o ano 1999, acadando un total de 1.852 doazóns no transcurso destes desprazamentos.